

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP MESON DO VENTO

CURSO: 5º

MATERIA: NATURAIS

DATA:4/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos	CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Tendo en conta o estado de Alarma decretado polo goberno con motivo da pandemia do COVID-19 e que non hai clases presenciais, faise necesario adaptar os procedementos de avaliación. A avaliación terá carácter continuo e global. que consistirán en:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado• Intercambios orais co alumnado
	<p>Instrumentos:</p> <p>Traballos individuais (resolución de exercicios, resolución de casos prácticos, resolución de problemas, mapas, resposta a preguntas ou cuestións, composición dun texto, elaboración de resumos...)</p> <p>Traballos colaborativos (traballos de investigación, de análise, elaboración de informes...)</p> <p>Producións orais (lectura expresiva, recomendacións lectoras...)</p> <p>Investigacións.</p> <p>Entrevistas.</p> <p>Formularios en google drive</p>
Cualificación final	<p>Ao final de curso considérase que o/a alumno/a pode promocionar cando logre os estándares e competencias imprescindibles que deben desenvolver en función da súa etapa, curso ou área.</p> <p>Para o cálculo da cualificación final terase en conta a cualificación obtida no terceiro trimestre, que se baseará nas aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso así como sobre as actividades de reforzo e recuperación.</p> <p>A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realízanse actividades de recuperación, repaso e reforzo .</p> <p>Xenéricas</p> <ul style="list-style-type: none">○ Que poidan ser realizadas pola xeneralidade do alumnado, que sexan o máis universais posible, tendo en conta que na nosa comunidade educativa pode haber diferenzas entre familias en canto a recursos tecnolóxicos ou humanos .○ Posibilidade de incluír contidos audiovisuais que supoñan unha descarga de arquivos nas tarefas de reforzo que se están a mandar sempre e cando este sexa un recurso complementario e non revisable. Así mesmo posibilidade de incluír vídeos para a realización de tarefas revisables sempre e cando estes non excedan de 5 minutos de duración e se garanta que a información chega ao alumnado con máis dificultades de conectividade mediante outras opcións .○ Evitando o uso de libros de texto pois debido á urxencia da medida de suspensión tomada a última hora da mañá do día 12, o alumnado non levou “todo” o material para ás casas.○ Evitando que as familias teñan que imprimir xa que entendemos que non todas as familias dispoñen de impresora <p>- Consensuadas:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Procuero que a cantidade de actividades que deseño sexa proporcional ao número de horas lectivas da materia. <p>- Globalizadoras e interdisciplinares</p> <ul style="list-style-type: none">○ Deseño algunha actividade promovendo o traballo cooperativo entre o alumnado (mediante algún dos retos que fago en cooperación coa materia de Educación física) e outras actividades específicas de naturais globalizadas e interdisciplinares. <p>- Temporalización:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Propoñense actividades semanais.
--------------------	--

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións do profesorado empregando a plataforma Cisco Webex para a realización de vídeo conferencias • Coordinación on algúns docentes para tratar de flexibilizar os plans de traballo coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado sen sobrecargalo de tarefas excesivas e na temporalización das tarefas do alumnado. • Coordinación para a elaboración de tarefas globalizadoras e interdisciplinares principalmente co mestre de Educación física. • Pautas para o emprego de ferramentas (en función das características das actividades) comúns para a formación a distancia (formularios google drive, padlet...) • Busca de solucións e alternativas ante dificultades que poidan xurdir referidas á conectividade. • Adaptación á nova situación mediante contacto individualizado coas familias a través de chamadas telefónicas, correos electrónicos ou vídeo chamadas que permiten tamén interactuar co alumnado. • Seguimento específico para o alumnado con neae, coordinado dende o Departamento de Orientación: elaboración de material adaptado, organización de horarios para a realización de chamadas ou vídeo chamadas coas familias... • Seguimento do alumnado de apoio educativo tamén coordinado dende o Departamento de Orientación a través da organización de entrevistas coas familias e seguimento por parte do profesorado de PT, AL e do programa específico que están levando a cabo.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Medios telemáticos empregados:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Páxina web do Centro ○ Correo electrónico (conta persoal da xunta) ○ Emprego de carpetas compartidas a través do google drive. ○ Teléfono ○ Aplicacións de mensaxería instantánea (para a realización de vídeo chamadas) ○ Aplicacións para video conferencia (Cisco webex para o profesorado) ○ Ordenador ○ Tablet